

RESULTADOS DA CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2019. MATERIA: XEOGRAFÍA

1º) Resultados

A tendencia á alza da nota media que se viña producindo dende 2013 viuse cortada nas dúas últimas convocatorias, mais acada un nivel moi semellante ao de 2013 e 2014.

O cambio de posición da Xeografía no bacharelato explica que o alumnado matriculado nas EBAU descendese de forma notoria nas dúas últimas convocatorias; nos cursos anteriores a 2017, do total do alumnado que se examinaba de selectividade, en torno ao 26% facíao de Xeografía, mentres que nesta convocatoria de 2019 só foron o 8%. As consecuencias que se manifestaron nos dous últimos anos polos correctores en relación a este cambio na materia víronse confirmadas.

XEOGRAFÍA: datos comparativos


	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Presentados	2.990	2.841	2.854	2.661	2.467	2.538	1.495	1.380	929
Reclamacións	420	212	222	259	182	163	80	78	45
2ª Correccións	310	235	238	262	210	194	110	142	79
NOTA MEDIA	5,57	5,13	5,11	5,12	5,2	5,49	5,66	5,43	5,16

Fonte: CIUG, varios anos


Aprobaron el 58,39 % de los presentados, aunque por opciones: A: 60,03 %; B: 54,01 %

Nesta convocatoria a media de exames aprobados foi o 91%, e a nota media obtida foi 7,1. Na materia de XEOGRAFÍA a nota media foi 5,16 e aprobaron o 58% dos presentados.

A partir da análise dunha mostra das cualificacións de cada unha das preguntas (Definicións, Práctico, Tema) tan só podemos facer unha comparativa co ano 2018, pois variaron dende a convocatoria de 2017 as puntuacións da pregunta teórica e práctica, aínda que si se mantivo a de vocabulario.



Fonte: CIUG, varios anos



Fonte: CIUG, varios anos

As definicións subiron a valoración acadada o ano anterior, cunha media de 1,38 puntos sobre os dous sobre os que se valorou esta parte do exame. Pola contra, o exercicio práctico supuxo nesta convocatoria 5 puntos, acadando a media dos exames un 2,32 neste apartado, baixando respecto do ano anterior cando se situara nun 2,5. O tema, pola súa banda valorouse sobre 3 puntos e a media acadada foi de 1,58 puntos, é dicir,

superando o aprobado e mellorando unha décima respecto de 2018. Dentro do exercicio práctico resólvese bastante ben a cuestión de localización, e ocorre outro tanto coa identificación dos documentos, aspecto que debe de traballarse bastante na aula porque a mellora xa apuntada nos dous cursos pasado mantívose na presente convocatoria. Pola contra, non se alcanza o mesmo nivel de resposta á hora de comentar os documentos (deficiencias en análise e síntese). No caso da pregunta teórica, malia á mellora, continúa a observarse un déficit na estruturación e claridade das respostas, como xa se apuntou no informe de resultados dos anos precedentes.

	2018	2019
Vocabulario	1,30	1,38
Práctico	2,50	2,32
Teórico	1,48	1,58
Nota media	5,43	5,16¹

Fonte: datos subministrados polos correctores e elaboración propia.

1.-A nota media fai referencia ao conxunto dos exames. A suma do vocabulario, Práctico e Teórico non coinciden coa nota media pois trátase dunha mostraxe do 15 % dos exames.

2º) Valoración xeral do nivel de coñecementos, segundo a información dos correctores

A valoración global sobre o nivel de coñecementos reflicte o seguinte.

No relativo a CONTIDOS e a partir da opinión dada polos correctores, dedúcese que en todos os ítems sinalados, o alumnado está nun nivel aceptable ou bo. Con todo, cabe facer unha serie de matizacións. A amplitude de coñecementos responde a esa media: aceptable e bo, aínda que máis do 20 % dos correctores consideran que esa amplitude de coñecementos é escasa. Non é tan favorable a precisión e rigor nos conceptos, xa que nun terzo dos casos considérase escasa, o que tamén se resalta nas observacións dos correctores, que indican que os conceptos non se coñecen o suficiente, non se empregan sempre ben e nalgúns casos directamente deixan de empregarse ao contestar as preguntas.

CONTIDOS

	1	2	3	4	5
Amplitude de coñecementos		22,22	44,45	33,33	
Precisión e rigor en conceptos		33,33	55,56	11,11	
Capacidade de análise	11,11	55,56	22,22	11,11	
Capacidade de síntese	11,11	33,33	33,33	22,23	

Datos en tantos por cen

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fte.: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

O maior déficit obsérvase na capacidade de análise, problema que vén repetíndose dende anos anteriores e cunha peor valoración neste 2019. Efectivamente o alumnado mostra bastante dificultade en analizar os documentos que se presentan e é frecuente que substitúa a devandita análise por unha resposta xeral e de tipo teórico sobre o tema central do exercicio práctico. Redúcese a percepción dos correctores, que se viña manifestando repetidamente en anos anteriores, da existencia dun número significativo de exames moi bos. Este tipo de exercicios tiveron unha menor presenza este ano, incrementándose o número de exames que contan cun grado de deficiencias moi elevado.

En capacidade de síntese a situación é máis favorable, aínda que cun descenso nas valoracións superiores respecto a anos anteriores.

Como xa concluímos en anos anteriores, o alumnado ten coñecementos pero fáltalle o hábito de interrelacionalos, de utilizar a linguaxe específica de Xeografía e de analizar os documentos propios desta materia. Cremos que o problema está na amplitude dos programas de xeografía, tanto no nivel de ESO como no de Bacharelato, o que impide dedicar tempo ao ensino-aprendizaxe para o achegamento, uso, manexo, análise, etc. dos documentos propios da Xeografía.

No relativo aos ASPECTOS FORMAIS, a situación é a seguinte.

En todos os ítems, agás na corrección gramatical na que se mellorou, houbo unha lixeiro ou relativamente notorio empeoramento respecto ao ano anterior. Os aspectos mellor valorados son a ortografía e puntuación e a

coherencia e orde na exposición, ao igual que acontecía xa o ano anterior e deixaba notar unha certa melloría nestes aspectos respecto a anos precedentes. A corrección gramatical presenta os peores resultados, mentres que a ortografía, malia a obter resultados semellantes aos de 2018, aínda é considerada por case unha cuarta parte dos correctores cunha valoración de escasa. Como vimos apuntando dende o grupo de traballo, quizais sería necesario avaliar este aspecto cun peso na nota final do exame tal como acontece noutras CCAA; a día de hoxe si se sinalan as faltas, pero non supoñen redución na puntuación.

ASPECTOS FORMAIS

	1	2	3	4	5
Presentación	11,11	33,33	44,45	11,11	
Lexible	11,11	22,22	55,56	11,11	7,70
Ortografía e puntuación		22,22	66,67	11,11	
Corrección gramatical		44,44	44,45	11,11	
Coherencia e orde na exposición		33,33	55,56	11,11	

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fonte: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

A mellora máis substancial respecto dos anos precedentes a 2018 (en 2018 e 2019 tivo resultados semellantes e moito mellores ao período previo) dáse no ítem de coherencia e orde na exposición, aspecto no que seguramente axuda o guión que se propón nos exames para facilitar a orde nas respostas. De todos os xeitos segue apreciándose unha carencia de reflexión previa a escribir en moitos dos exames, sen unha lectura sosegada dos enunciados, que despois se traduce en problemas de estruturación das respostas, de identificación correcta do que se debe contestar e en definitiva da coherencia e orde na exposición. Isto lévanos de novo, como noutros anos, a incidir sobre unha necesidade de maior aprendizaxe de procedementos reducindo os contidos.

3º) Grado de traballo de determinados aspectos na aula

A partir dos resultados obtidos, percíbese que uns aspectos se traballaron máis na aula que outros, aínda que no caso dos últimos hai que ter en conta que poden terse traballado e non asimilado ben polo alumnado, xa porque sexan máis difíciles, xa porque se traballaron a principio de curso e estean máis esquecidos ou por calquera outro motivo.

Aspectos que se traballan con excesivo detalle na aula:

Vocabulario/Definicións

Temas teóricos

Especificamente os seguintes temas: a evolución xeomorfolóxica, clima e os de xeografía económica

Hai correctores que pensan que ningún tema pode traballarse excesivamente porque non hai tempo para iso.

En conxunto as observacións son semellantes ás do pasado ano.

Aspectos que se traballan insuficientemente na aula:

A este respecto coincídese en que se traballan pouco na aula determinados aspectos, que se reiteran como en anos anteriores.

Algúns son transversais; así indícase que a análise e reflexión non se traballan suficientemente, aínda que sexa moi necesario xa que o alumnado ten un claro déficit neste aspecto, como se observa ano tras ano. De todos os xeitos, non sería en 2º de bacharelato cando debese traballarse este aspecto senón que tería que iniciarse xa na ESO, o que non é posible se non se reduce o temario. Agora ben, é evidente que hai unha necesidade clara de solventar esta carencia.

Na mesma liña están outros aspectos como a interpretación e comentario de mapas e gráficos.

Noutros casos sinálanse contidos específicos e que nalgún caso teñen relación coas preguntas do exame: confusión entre efecto invernadoiro e

buraco na capa de ozono, carencias na estruturación do tema sobre transformacións recentes na estrutura agropecuaria española

E xa por último, tamén se sinala que se traballan insuficientemente os prácticos porque non hai tempo para traballalos todos, aínda que se recoñece por parte dos correctores que coa redución do seu número nas directrices se ten avanzado neste sentido.

4º) Comentarios sobre cada opción segundo os correctores.

Unha gran maioría do alumnado optou pola Opción A (73%) fronte á Opción B (27%), e o nivel de aprobados tamén tivo diferenzas: 60% na Opción A e 54% na Opción B. Cremos que esa elección maioritaria pola opción A debeuse a dúas razóns fundamentais respecto da Opción B. En primeiro lugar polo descoñecemento de que o esquema de relevo que se propoñía era de relevo kárstico, que parece ter sido pouco traballado nas aulas. E en segundo, porque a localización non consistiu en entidades administrativas, senón en unidades do relevo. Ademais, o tema da opción A parece ser máis atractivo para os alumnos, pois nas convocatorias nas que este tema aparece sempre hai un bo número de persoas que se decantan pola opción na que aparece.

Cómpre destacar, ademais que un número significativo de alumnos contestaron ao esquema de modelado con elementos de tipo volcánico, cando se incidiu nas directrices que ese tipo de relevo non sería obxecto de exame na presente convocatoria. A reflexión, por tanto, debe ser a dun toque de atención a algúns docentes que non teñen en conta as directrices á hora de desenvolver o temario nas aulas.

OPCIÓN A:

Definicións:

En xeral o vocabulario contestouse adecuadamente. Mais reiteramos a presenza de exames nos que se contestan a máis dos catro termos pedidos.

Si debe facerse mención dun termo que continúa a ser mal definido nunha boa cantidade de exames, o de “ría”.

Práctico:

Non houbo apenas problemas con este práctico, que en xeral foi bastante ben resolto, se ben si que se constataron algún problema á hora de identificar correctamente o documento

Tema:

O tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares” estivo bastante ben desenvolvido.

OPCIÓN B:

Definicións:

En xeral o vocabulario contestouse adecuadamente. Descoñecemos a razón pola que algúns exames seguen a aparecer definidos máis de 4 termos; non sabemos se o fixeron por non ler ben o enunciado ou porque pensaban que se lles cualificarían as catro mellor definidas. Convén recordar novamente que o alumnado debe ser informado de que se corríxen as catro primeiras definicións e óbvianse as restantes; facer o contrario sería inxusto para o alumnado que se cinguise ao enunciado (definir só catro termos).

Práctico:

As observacións feitas polos correctores inciden en dificultades á hora de identificar os tipos de documentos, así como na identificación dos dous cabos propostos, especialmente o Cabo da Nao.

Indícase unha certa tendencia á elección “ao chou” dos elementos de modelado kárstico entre a lista facilitada.

Por outro lado, a descrición do proceso de formación deste tipo de modelado e da súa orixe litolóxica foi bastante deficiente.

Tema:

O tema sobre “Transformacións recentes na estrutura agraria española” non tivo grandes dificultades para ser desenvolvido polo alumnado, se ben si

constatan algúns correctores que a sistematización e estruturación do mesmo foi deficiente.

5º) Observacións dos correctores.

As observacións xerais dos correctores englobábase nos seguintes aspectos.

Insisten en que deben desenvolverse máis os subapartados dalgunha cuestión teórica para guiar o tema.

Continúan percibindo unha mellora con respecto a hai dous ou tres anos na definición de conceptos e na pregunta de localización (malia a que nesta algúns exames tiveron erros notables como xa se comentou).

Insisten en que hai un déficit na organización dos contidos (o devandito con anterioridade sobre estruturación das respostas), especialmente no tema sobre transformacións agrarias.

Dende o grupo de traballo fixemos un esforzo por buscar unha redución de posibles preguntas teóricas e do número de prácticos, sen deixar de lado ningún dos aspectos curriculares, e iso foi destacado polos correctores que indicaron que o traballo na aula foi máis doado. Por iso manterase a estrutura de directrices para o vindeiro curso 2019-2020.

6º) Propostas dos correctores.

Malia ao que acabamos de apuntar, aínda segue a preocupación xeral pola excesiva carga no currículo de xeografía. A iso únese que esta materia se retoma en 2º de bacharelato desde 3º de ESO, coa consecuencia de que os coñecementos están bastante esquecidos. E dende hai dous cursos a materia é optativa, o que xera que parte do alumnado non a curse pola dificultade que entraña. Ademais, a partir de agora a optatividade será menor, pois ao facer obrigatoria a materia de Filosofía, só poderán cursar unha optativa, cando ate o de agora eran dúas.

Algunhas das propostas que fan os correctores inciden na necesidade de recortar o programa e máis concretamente o número de prácticos para poder traballar todos na aula. Nalgúns casos concrétase na redución de prácticos de xeografía física porque se consideran máis difíciles. Como comentabamos, pensamos que xa se fixo no presente curso ese esforzo e seguirase coa mesma estruturación do temario.

Outras recomendacións céntranse na necesidade de incidir na aula na identificación, interpretación e comentario de mapas e gráficos, para que saiban utilizar correctamente os documentos propios da xeografía.

Finalmente, outra recomendación é reiterar na aula que se lean ben os enunciados e que se sigan os guións ou as cuestións das preguntas antes de desenvolveselas, e comprender ben o que se pregunta antes de responder, pois moitas veces non se contesta ao preguntado ou se fai só á primeira parte do enunciado.